

## MISA CON NENOS

10 de marzo de 2019

### Coresma -1º C - As tentacións

S. LUCAS 4, 1-13: "O espírito foino levando polo deserto, mentres era tentado".

MENSAXE: Sae co compás do SERVIR.

Supera as 3 PROBAS.



Sae co compás do SERVIR.

Supera as 3 PROBAS.

# 1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás: Estes días pasados viamos as imaxes belas dos disfraces de Entroido tan vistosos polo seu colorido e creatividade. Estamos **comezando a Coresma**, un tempo para desposuírnos das nosas máscaras e emprender o cambio interior, de corazón e de vida. Xesús, neste primeiro domingo, sufrindo as tentacións no deserto, comeza o camiño cara á Pascua. El anímanos tamén a nós a desposuírnos de todos nosos disfraces e máscaras, quitarnos todos os envoltorios que nos impiden ser máis persoas e máis libres. Amigos, iniciemos a Coresma, volvamos os ollos a Deus, pidamos a súa forza para vencer as a vencer a tentacións ou probas que nos aparezan no camiño e vivir o Evanxeo.



*(Podemos elaborar un cartel de Coresma, ou o do domingo primeiro de Fano).*

*(Sacerdote): -Que a paz e a misericordia de Deus o noso Pai, estea convosco.*

# 2. PERDÓN

*(Sacerdote): Recoñecemos os nosos pecados:*

- **(Posible catequista):** -Porque caemos na tentación de ter tantas cousas, facéndonos insensibles ás necesidades dos demais. **Señor, ten piedade de nós.**
- **(Posible pai- nai):** -Porque caemos na tentación de poder e dominar aos demais e ata a Deus. **Cristo, ten piedade de nós.**
- **(Posible neno - nena):** -Porque caemos na tentación de vencer, de ter o orgullo de cernos mellores cós outros. **Señor, ten piedade de nós.**

### 3. PALABRA DE DEUS

#### MONICIÓN ÁS LECTURAS

A Palavra de Deus deste primeiro domingo de Coresma, intenta axudarnos a confesar a nosa fe en Deus que nos quere e busca facernos felices. Na primeira lectura o pobo escollido proclama a súa fe en Deus que o acaba de liberar da escravitude. Xesús, no deserto sofre tres probas, pero el mantense fiel á vontade do Pai cando foi tentado. E S. Paulo anímanos a crer co corazón e confesar cos beizos esta fe.

#### A PALABRA

• **DEUTERONOMIO 26, 4- 10:** *Profesión de fe do pobo escollido.*

Moisés falou ao pobo, dicindo: «O sacerdote tomará da túa man a cesta coas primicias de todos os froitos e poñeraa ante o altar do Señor, o teu Deus. Entón tomarás a palabra e dirás ante o Señor, o teu Deus: *“O meu pai foi un arameo errante, que baixou a Exipto, e estableceuse alí como emigrante, con poucas persoas, pero alí converteuse nun pobo grande, forte e numeroso. Os exipcios maltratáronnos, oprimíronnos e impuxéronnos unha dura escravitude. Entón clamamos ao Señor, Deus dos nosos pais, e o Señor escoitou os nosos gritos, mirou a nosa indefensión, a nosa angustia e a nosa opresión. O Señor sacounos de Exipto con man forte e brazo estendido, no medio de gran terror, con signos e prodixios, e tróuxonos a este lugar, e deunos esta terra, unha terra que abrolla leite e mel. Por iso, agora traio aquí as primicias dos froitos da terra que ti, Señor, me deches”*. Poñeralos ante o Señor, o teu Deus, e prostraraste en presenza do Señor, o teu Deus».

***Palabra do Señor.***

• **SAL. 90:** *Queda comigo, Señor, na tribulación.*

• **ROMANOS 10, 8-13:** *Profesión de fe do que cre en Xesucristo*

• **LUCAS 4, 1-13:** *O espírito foino levando polo deserto, mentres era tentado.*

**Narrador:** Naquel tempo, Xesús, cheo do Espírito Santo, volveu do Xordán e o Espírito foino levando durante corenta días polo deserto, mentres era tentado polo diaño. En todos aqueles días estivo sen comer e, ao final, sentiu fame. Entón o diaño díxolle:

**Diaño:** -«*Se es Fillo de Deus, di a esta pedra que se converta en pan*».

**Narrador:** Xesús contestoulle:

**Xesús:** -«*Está escrito: “Non só de pan vive o home”*».

**Narrador:** Despois, levándoo ao alto, o diaño mostroulle nun instante todos os reinos do mundo e díxolle:

**Diaño:** -«*Dareiche o poder e a gloria de todo iso, porque a min foime dado, e eu douno a quen quero. Se ti te axeonllas diante de min, todo será teu*».

**Narrador:** Respondendo Xesús, díxolle:

**Xesús:** -«*Está escrito: “Ao Señor, o teu Deus, adorarás e a el só darás culto”*».

**Narrador:** Entón levouno a Xerusalén e púxoo no beirado do templo e díxolle:

**Diaño:** -«*Se es Fillo de Deus, tírate de aquí abaixo, porque está escrito: “deu ordes aos seus anxos achega de ti, para que te coiden”, e tamén: “Sosteranche nas súas mans, para que o teu pé non tropece contra ningunha pedra”*».

**Narrador:** Respondendo Xesús, díxolle:

**Xesús:** -«*Está escrito: “Non tentarás ao Señor, o teu Deus”*».

**Narrador:** Acabada toda tentación, o demo marchouse ata outra ocasión.

***Palabra do Señor.***

(Narrador – Diaño - Xesús)

## 4. IMPOSICIÓN DA CINZA E ACOLLIDA DO EVANXEO

Imos impoñerlle a cinza aos nenos como un xesto de que toda a comunidade se pon en camiño de conversión, de cambio de vida. Pensamos nas actitudes malas da nosa vida e achegámonos a recibir a cinza pedindo perdón a Xesús e tocamos coa man os Evanxeos acollendo as palabras do sacerdote: “convértete e cre no Evanxeo”.



**Sacerdote:** Oh Deus, que non queres a morte do pecador, senón o seu arrepentimento: escoita con bondade as nosas súplicas e dignate bendicir ( + ) esta cinza que imos impoñer sobre as nosas cabezas. E porque sabemos que somos po e ao po temos que volver, concédenos, por medio das prácticas coresmais o perdón dos pecados; así poderemos alcanzar, a imaxe do teu Fillo resucitado, a vida nova do teu Reino. Por XCNS.

*En silencio, o sacerdote e os ministros impoñen a cinza aos fieis que se achegan ao presbiterio.*

*E a cada un di: **Convértete e cre no Evanxeo.***

*E logo fan algún xesto de adoración ao Evanxeo.*

## 4. ORACIÓN DA COMUNIDADE

*(Sacerdote): Señor, tamén nós somos tentados, como Xesús, no camiño da vida de cada día. Por iso pedímosche:*

***-Non nos deixes caer. -Pai bo, escóitanos.***

- 1.- Pola Igrexa, para que nos ensine a grandeza de crer e de amar a Deus. Oremos.*
- 2.- Pai, que non caiamos na tentación de vivir unha fe mediocre. Oremos.*
- 3.- Pai, que non caiamos na tentación de excluír a Xesús e á súa Evanxeo da nosa vida. Oremos.*
- 4.- Pai, que non caiamos na tentación buscar a felicidade na acumulación de bens ou poderes. Oremos.*
- 5.- Pai, que non caiamos na tentación de utilizar aos demais para os nosos caprichos. Oremos.*
- 6.- Pai, que non caiamos na tentación de poñerche ao servizo dos nosos intereses. Oremos.*
- 7.- Pai, que non caiamos na tentación de afastar a Deus da nosa vida. Oremos.*
- 8.- Pai, que non caiamos na tentación de cernos bos, sen necesidade de conversión. Oremos.*

*(Sacerdote): Escóitanos, Pai, e dáanos a vida nova de Xesucristo. Que vive e reina por sempre, eternamente.*

## 6. PRESENTACIÓN DAS OFRENDAS (Posibilidades)



### - UNHA CRUZ:

Durante a Coresma miramos á cruz onde Xesús vai dar a súa vida por nós o venres santo. Miremos pois á cruz con amor e arrepentimento, pois o Deus misericordioso vai dar a súa vida para salvarnos.

### -UNHA TARXETA COA PALABRA SERVIR:

Na vida vannos aparecendo probas para probar a nosa fe. Na palabra de Deus atoparemos o camiño para vencer as tentacións: “servir” a Deus e aos irmáns, como Xesús.

### -A CINZA E AS PALABRAS “CONVÉRTETE E CRE NO EVANXEO”:

Recibir a cinza é manifestar publicamente que queremos iniciar o cambio de vida e que asumimos dedicar cada día uns minutos a orar a palabra de Deus.

### -PAN E O VIÑO:

O pan e o viño transforman a nosa vida en seguidores de Xesús, testemuñas fieis do seu Evanxeo.

# POSIBLE ACCIÓN DE GRAXAS

## *Non me deixes caer na tentación*

**Xesús: comezamos a Coresma**, un tempo de renovación cara á Pascua, acompañados de Xesús que coa súa Palabra, que é o noso compás, vainos indicando o camiño a seguir.

**Neste primeiro domingo**, imos polo deserto, un lugar solitario e silandeiro para facer unha parada na nosa vida e descubrir como seguimos ao Señor.

**As tentacións** comezan a poñer a proba o meu amor a ti: os desexos de ter cousas, o afán de poder e dominar ou as ganas de vencer e triunfar a custa de quen sexa. E tantas veces fállоче, non paso a proba.

**Xesús, mestre e amigo**, nesta semana quero empezar o camiño da conversión, seguindo o compás que é a túa Palabra que me axuda a non perder o norte que é servirte a ti e aos que pasen ao meu lado. Por iso dáme a túa forza para cambiar, mellorando a miña relación contigo na oración, cos demais compartindo máis, e comigo mesmo xaxuando de rancores ou malas palabras.

**Xesús, ensíname a confiar** en ti, coa túa axuda non caerei na tentación.

FELIZ DOMINGO, DÍA DEL SEÑOR

RED CATEQUISTAS GALICIA